

## ACTA

<b>Expediente nº:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
JGL/2022/04	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	10 de febreiro de 2022
<b>Duración</b>	Dende as 13:06 ata as 13:55 horas
<b>Lugar</b>	Sala de Reunións
<b>Presidida por</b>	Manuel Cuiña Fernández
<b>Secretario</b>	María Fernanda Montero Parapar
<b>Interventor</b>	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
76801683Z	Antonio Ferro Losada	SÍ
35251841V	Jesús Taboada Lázara	SÍ
76816828W	Mónica González Conde	SÍ
<b>Non asiste con excusa:</b>		
77404245E	Angela Troitiño Gil	NON

Unha vez verificada pola Secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

## A) PARTE RESOLUTIVA

<b>Aprobación da acta da sesión anterior: 27.01.2022</b>	
<b>Favorable</b>	<b>Tipo de votación:</b> Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 27 de xaneiro de 2022.

**Expediente 145/2022. Prestacións Económicas de Servizos Sociais - Axuda de Emerxencia Social.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da Traballadora Social de data 2 de febreiro de 2022, a interesada D<sup>a</sup> G.A. eúne os requisitos establecidos na Ordenanza Reguladora das Axudas de Emerxencia Social do Concello de Silleda.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 2º de xuño de 2019, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, ACORDA:

Primeiro.- Conceder a D<sup>a</sup> G.a. a axuda de emerxencia social na tipoloxía que se detalla:

· Gafas Graduadas .....presuposto .....total 129€

Segundo .- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

**Expediente 1295/2021. Solicitud de Licenza ou Autorización Urbanística - LEGALIZACIÓN DA REFOMA E AMPLIACIÓN EXPLOTACIÓN VACÓN DE LEITE. Gandería Domínguez Fares SC.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

ANTECEDENTES:

1º.- Por acordo da Xunta de Goberno Local de 22 de novembro de 2018, concédese licenza a Ganadería Domínguez Fares SC, para reforma e ampliación de explotación de vacún de leite, parcela de referencia catastral 36052J508007360000OM, situada lugar de Igrexa, n.º 6, Breixa (expediente 1365/2018), segundo o proxecto básico e de execución asinado polo enxeñeiro técnico agrícola ÓSCAR JAVIER POSE ANDRADE, Visado polo Colexio Oficial 14/05/2018, nº 20180182. A licenza contía un erro na superficie que foi corrixido po acordo da Xunta de Goberno Local de data 26 de novembro de 2018.

2º.- No acordo de concesión indicábaselle que non poderán iniciarse as obras en tanto non presente a seguinte documentación:

“1. Autorización de Augas de Galicia para o abastecemento de auga.

2. Autorización de Augas de Galicia para o tratamento de augas residuais.

3. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.

4. Folla de edificación e estatística cumprimentada”.

3º.- Por Decreto de Alcaldía número 261 de data 21/04/2020, concédese licenza a Ganadería Domínguez Fares SC, para reforma e ampliación de explotación de vacún de leite, parcela de referencia catastral 36052J508007360000OM, situada lugarde Igrexa, n.º 6, Breixa (expediente 1365/2018), se autoriza o inicio das obras tras a presentación da documentación requirida no acordo de concesión da licenza.

4º.- En data 30/04/2021, polo interesado preséntase solicitude de modificación da licenza concedida en relación coa ampliación da explotación de vacún de leite.

5º.- En data 16 de xullo de 2021 remítese oficio ao Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental, no que se lles consulta si “as obras finalmente executadas están amparadas pola resolución pola que se formula a declaración de incidencia ambiental, emitida o 4 de xullo de 2018 que consta no expediente municipal 1295/2021”.

6º.- Consta no expediente Resolución pola que se formula a declaración de incidencia ambiental da reforma e ampliación de explotación de vacún, en Breixa, no Concello de Silleda, promovida por Gandería Domínguez Fares, SC (expte. PO/2021/060) que substitúe á declaración de incidencia ambiental PO/2018/058. :

7º.- En data 29/11/2021, por Carolina Cajide Barbeito, técnica municipal, emítense informe no que advirte a existencia de variacións na obra executada respecto ao proxecto aprobado, e se lle require a súa legalización. Este requirimento foi realizado en data 30/11/2021 (RS 1531).

Requiríuselle a achega da seguinte documentación:

- Autorización do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural, ao abeiro do sinalado no artigo 36.2 da Lei do Solo por encontrarse en solo rústico de Protección Agropecuaria.

- Autorización da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, por encontrarse na zona de Servidume de Aproximación do Aeroporto de Santiago de Compostela.

- Autorización do Servizo de Infraestruturas da Deputación Provincial de Pontevedra.

- Anexo visado que recolla:

- Plano do alzado norte da edificación que recolla as modificacións realizadas neste alzado.

- Plano que recolla a localización dos extintores portátiles necesarios acotando distancias e ubicación da sinalización necesaria segundo o CTE DB-SI. Todos estes elementos terán que colocarse para a posterior comprobación por parte dos servizos técnicos municipais.

- Certificado de solidez da estrutura executada.
- Certificado de estanquidade da fosa realizada.

8º.- Consta presentada a seguinte documentación:

- Autorización do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural de en data 01/12/2021.
- Autorización do Servizo de Infraestruturas da Deputación Provincial de Pontevedra de data 02/12/2021.
- Autorización da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, por encontrarse na zona de Servidume de Aproximación do Aeroporto de Santiago de Compostela de data 25/01/2022.
- Certificado de solidez da estrutura executada, de data 14/12/2021 con número de visado 20210112.
- Certificado de estanquidade da fosa realizada de data 01/02/2022, visado PO-20210112-ANEXO
- Plano que recolla a localización dos extintores portátiles necesarios acotando distancias e ubicación da sinalización necesaria segundo o CTE DB-SI. Todos estes elementos terán que colocarse para a posterior comprobación por parte dos servizos técnicos municipais, visado Nº: PO-20210112-ANEXO data 14/12/2021.

9º.- En data 07/02/2022 polo técnico municipal Lino M. Doporto Framil emítese informe favorable á legalización das obras realizadas sen axustarse á licenza concedida.

10º.- En data 08/02/2022 pola Secretaría da Corporación emítese informe proposta número 16.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO:

A reforma e ampliación da construción obxecto deste informe atópase en solo clasificado segundo informe do técnico municipal como “solo rústico de protección agropecuaria”, o uso declarado polo interesado é o gandeiro, explotación de vacún de leite.

O Concello conta cun PXOM aprobado no ano 1981 polo que segundo a DT 1ª da LSG o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da presente lei e non adaptado á Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia hasta a súa revisión ou adaptación á mesma, conforme ás seguintes regras:

“d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto na presente lei para o solo rústico”.

Desaparecendo polo tanto a categorización do solo rústico recollido no PXOM de Silleda, en aplicación do disposto na Lei 2/2016, de 10 febreiro, do Solo de Galicia, artigo 34, terá a consideración de solo rústico de protección agropecuaria, o constituído polos terreos que fosen obxecto de concentración parcelaria con resolución firme e os terreos de alta produtividade agropecuaria que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que ostente a competencia sectorial en materia agrícola ou gandeira.

A finca na que se vai levar a cabo a construción é resultado do procedemento de concentración parcelaria de Breixa Ansemil-Martixe do Concello de Silleda. Como resultado do proceso de concentración o predio 736 do polígono 8 está incluído na acta de reorganización da propiedade da zona de concentración parcelaria de Breixa Ansemil-Martixe do concello de Silleda.

Deste xeito o solo sobre o que se pretende legalizar a reforma e ampliación da explotación é solo rústico de protección agropecuaria.

O artigo 35.1, h) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, establece como usos e construcións autorizados en solo rústico os seguintes: “Construcciones e instalaciones destinadas al apoyo de la ganadería extensiva e intensiva, granjas, corrales domésticos y establecimientos en que se alojen, mantengan o crien animais, e instalaciones apícolas (...)”.

Completa esta regulación o Regulamento da Lei do Solo, que no seu artigo 50, establece literalmente: “Estas construcciones e instalaciones responderán a las características, dimensiones y configuración propias del medio rural gallego. En ningún caso podrán destinarse a uso residencial, por lo que queda prohibido que cuenten con instalaciones que, en su conjunto, denoten ese uso”.

Este uso é compatible con calquera clase de solo rústico, sen necesidade de autorización autonómica previa tal e como establece o artigo 36 da 2/2016, de 10 de febreiro, sen embargo ao tratarse dun solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou informe favorable do órgano que ostente a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal. Esta autorización consta no expediente.

Segundo a DT 4ª da LSG: As construcións e instalacións situadas en solo rústico que, estando destinadas a actividades vinculadas coa explotación e o apoio á actividade agropecuaria e de primeira transformación de produtos agrogandeiros e forestais, existían no momento da entrada en vigor da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, poderán manter a súa actividade.

2. Nestas construcións poderán permitirse, previa obtención de licenza urbanística municipal, as obras de conservación e reforma, así como as ampliacións sen superar o 50 % do volume orixinario da edificación, e sen necesidade de cumprir os parámetros contemplados no artigo 39 da presente lei, excepto o límite de altura, sempre que manteñan a actividade de explotación ou apoio á actividade agropecuaria ou forestal e que se adopten as medidas correctoras necesarias para garantir as condicións sanitarias, para minimizar a incidencia sobre o territorio e para a mellor protección da paisaxe.

A explotación de vacún de leite figura identificada co código de explotación CEA nº ES360520017201.

Segundo o disposto na DT 3ª do RLSG que desenvolve o regulado na DT4ª da LSG, o previsto na citada disposición transitoria, resulta de aplicación a todas as construcións e instalacións destinadas a actividades vinculadas coa explotación e co apoio á actividade agropecuaria existentes en solo rústico o 1 de xaneiro de 2003, independentemente de que contasen ou non

con licenza nese momento, ou que procedesen ou non á regularización prevista na disposición transitoria décimo primeira da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia

O sinalado neste número non exclúe a posibilidade de que, no seu caso, poidan acollerse ao réxime establecido na disposición transitoria terceira da Lei 2/2016, do 10 de febreiro.

Neste caso, as posibilidades de ampliación axustaranse ás condicións de edificación contidas no artigo 39. c) da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e no plan urbanístico correspondente.

O interesado indica o seguinte:

Todas as construcións existentes en ambas parcelas contan co recoñecemento da existencia da explotación agropecuaria, para os efectos establecidos pola disposición transitoria decimoprimeira da Lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, dito recoñecemento foi outorgado polo Concello de Silleda o día 12 de Agosto de 2.004.

As citadas construcións existentes a 1 de xaneiro de 2003; son unha edificación adicada a establo de gando vacún, e dúas fosas de purín que se emprazan na parcela nº 810, pol.508, chamada "Iglesario" ou "Agro Balo" e unha nave avícola e unha fosa de cadáveres na parcela nº736, chamada "Fonte Cebra" ou "Carballeira", obxecto desta intervención.

A presente actuación consiste na reforma da nave avícola existente na parcela, para adicala a estabulo de vacún libre, con sistema de amarre tipo canadiense, e a ampliación da explotación, que consistirá en:

- Construción dunha nova nave, anexa á avícola existente, polo vento leste, que se adicará a Instalacións Complementarias (Leitería – Oficina - Sala muxido - Sala de Espera - cortes de becerros - esterqueira - Aseo).
- Construción dunha fosa de xurro, debaixo da ampliación proxectada, segundo se indica nos planos de distribución e cimentación.

O artigo 39 Lei 2/2016, de 10 de febreiro regula as condicións xerais das edificacións en solo rústico, estas condicións descritas no proxecto foron informadas favorablemente polo técnico municipal.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

**PRIMEIRO.-** Conceder a Ganadería Domínguez Fares, SC con CIF número J94156783, LICENZA DE LEGALIZACIÓN das obras executadas ao marxe da licenza concedida para reforma e ampliación de explotación de vacún de leite, parcela de referencia catastral 36052J508007360000OM, situada lugar de Igrexa, n.º 6, Breixa (expediente 1365/2018), segundo o proxecto básico e de execución asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Francisco Pérez Donsión, colexiado número 579 Visado polo Colexio Oficial 21/04/2021, nº 20210112.

O presuposto de execución material ascendeu a 149.800,00 euros. Figurando como director facultativo da obra a e como coordinador en materia de seguridade e saúde da obra Francisco Pérez Donsión.

A construción proxectada situarase en solo clasificado polas Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda como solo rústico. O Concello conta cun PXOM aprobado no ano 1981 polo que segundo a DT 1ª da LSG o planeamento aprobado definitivamente con anterioridade á entrada en vigor da presente lei e non adaptado á Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, conservará a súa vixencia hasta a súa revisión ou adaptación á mesma, conforme ás seguintes regras:

“d) Ao solo non urbanizable ou solo rústico, aplicaráselle o disposto na presente lei para o solo rústico”.

Desaparecendo polo tanto a categorización do solo rústico recollido no PXOM de Silleda, en aplicación do disposto na Lei 2/2016, de 10 febreiro, do Solo de Galicia, artigo 34, terá a consideración de solo rústico de protección agropecuaria, o constituído polos terreos que fosen obxecto de concentración parcelaria con resolución firme e os terreos de alta produtividade agropecuaria que sexan delimitados no catálogo oficial correspondente polo órgano que ostente a competencia sectorial en materia agrícola ou gandeira.

A finca na que se vai levar a cabo a construción é resultado do procedemento de concentración parcelaria de Breixa Ansemil-Martixe do Concello de Silleda Como resultado do proceso de concentración o predio 736 do polígono 8 está incluído na acta de reorganización da propiedade da zona de concentración parcelaria de Breixa Ansemil-Martixe do concello de Silleda.

O volume autorizado é de 1.911,00 m<sup>3</sup> (existindo na parcela un volume construído de 2.129,00 m<sup>3</sup>), a ocupación de parcela do 19,28%, e a altura sobre rasante de 4,90 metros.

SEGUNDO: Aínda que se trata da legalización dunha construción existente, existen obras pendentes de execución, para estas se establece un prazo de inicio non superior a seis (6) meses, e o de terminación de tres (3) anos, desde a data do outorgamento de licenza, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis (6) meses, segundo establece o artigo 145 da L 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia. O Concello poderá conceder prórrogas dos referidos prazos da licenza, previa solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

TERCEIRO: A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal previo procedemento con audiencia ao interesado.

CUARTO.- As licenzas enténdense concedidas sen prexuízo de terceiro e salvo o dereito de propiedade.

QUINTO.- Será requisito indispensable en todas as obras dispoñer, xunto á obra, de copia

autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai a destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

SEXTO.- Aprobar a seguinte liquidación de taxa por licenza urbanística por importe de 60.00 euros. Aprobar a liquidación en concepto de Imposto de Construcións, Instalacións e Obras por importe de 3.370,50 euros, constando ingresado por este concepto 3.956,60 euros, polo que procede a devolución por obra non executada de 586,10 euros.

SÉTIMO.- Deberanse respectar as seguintes normas de aplicación directa:

- a) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.
- b) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.
- c) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.

Dada a proximidade dun elemento catalogado polo Plan Xeral, estímase conveniente a execución do remate das fachadas da explotación, executados en materiais prefabricados non destinados ao seu acabado visto, mediante o enfoscado e pintado das súas superficies; así como o recubrimento de tella curva das cubertas que actualmente só teñen pranchas de fibrocemento sen ningún outro tipo de acabado.

OITAVO.- A eficacia desta licenza queda condicionada ao cumprimento do disposto no artigo 39.e da LSG: "Farase constar no rexistro da propiedade a vinculación da superficie esixible á construción e uso autorizados, expresando a indivisibilidade e as concretas limitacións ao uso e edificabilidade impostas polo título habilitante de natureza urbanística ou a autorización autonómica".

NOVENO.- Rematada a execución da obra deberase presentar no Concello a documentación recollida no artigo 355.3 RLSG así como a solicitude expresa da licenza de primeira utilización.

DÉCIMO.- Recordar ao interesado, que unha vez obtida a licenza de primeira utilización, e con carácter previo ao inicio da actividade, presente no Concello a preceptiva comunicación previa, de conformidade co establecido no artigo 364 do RLSG e 24 da Lei 9/2013, de emprendemento e competitividade de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Notificar o presente acordo ao interesado.

**Expediente 1150/2019. Solicitude de Licenza ou Autorización Urbanística - PRIMEIRA UTILIZACIÓN PARA A AMPLIACIÓN EXPLOTACIÓN CEBADERO PORCINO. María Lilia**



**Tarrio Noya.****Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento**LEXISLACIÓN APLICABLE:**

RDL 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.

Lei 1/2021, de 08 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia.

Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Decreto 143/2016, de 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia (PBAG).

Plan Xeral de Ordenación Urbana de Silleda.

Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia.

**ANTECEDENTES:**

1º.- Por acordo da Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de data 17/09/2019, concédese licenza a María Lilia Tarrio Noya, para ampliación de explotación porcina para cebo no lugar de Bazar, parroquia de Abades (Silleda), segundo o proxecto básico e de execución asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Felipe Calvo Rodríguez. (solicitud de licenza presentada no Rexistro de Entrada do Concello co número 209/2019 en data 22 de xullo.)

2º.- No acordo de concesión indicábaselle que non poderán iniciarse as obras en tanto non presente a seguinte documentación:

“1. Autorización de Augas de Galicia para o abastecemento de auga.

2. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.

3. Folla de edificación e estatística cumprimentada”.

Consta presentada no Concello en data 23/10/2019 a Folla de edificación e estatística cumprimentada e un anexo: presuposto modificado visado. En data 09/09/2019 presente autorización de Augas de Galicia coa clave DH.A36.9252, “concesión dun caudal de auga de 0,13 litros/seg. Procedente de manancial no lugar de Bazar, parroquia de Abades, no Concello de Silleda para o fornecemento de explotacións avícola e porcina.

3º.- En data 08/11/2021, por Carolina Cajide Barbeito, técnica municipal, emítense informe no que advirte a existencia de variacións na obra executada respecto ao proxecto aprobado, e se lle require a súa legalización. Este requirimento foi realizado en data 10/11/2021 (RS 1451).

3º.- Consta presentada en data 24/11/2021 Memoria ampliación cebadeiro porcino e oficio de dirección de obra.

4º.- En data 09/12/2021 aporta o interesado: aceptación de dirección de obra e coordinador en materia de seguridade e saúde, dirección de obra visada, solicitude de renovación concesión de Augas, autorización do Servizo de Infraestruturas Agrarias de data 03/12/2021, proxecto modificado e final de obra visado.

5º.- En data 09/12/2021 solicita licenza de primeira ocupación.

6º.- Consta Resolución de non procedencia de formulación de declaración de incidencia ambiental, por non considerarse modificación substancial, da resolución de declaración de incidencia ambiental (expte. PO/2019/049), para actividade de instalación dun cebadeiro porcino, en Bazar, Abades, no Concello de Silleda, promovida por M<sup>a</sup> Lilia Tarrío Noya (expte. PO/2021/074) de data 22/12/2021.

7º.- Consta informe de viabilidade de Augas de Galicia (clave: DH.A36.80210), a autorización da novación da concesión dun caudal de 4.100 m<sup>3</sup>/ano, procedente dun manancial, no lugar de Bazar, Polígono 501, parcela 59, parroquia de Abades (Santa María), no concello de Silleda (Pontevedra), con destino a uso gandeiro, de data 12/01/2022.

8º. Consta apartada ao expediente acordo de la Agencia Estatal de Seguridad Aérea en materia de Servidumbres Aeronáuticas. Expediente N22-0007 de data 12/01/2022.

9º.- Preséntase anexo 2. Certificación final de obra de ampliación de explotación de cebadeiro de porcino en Bazar, Abades, visado número 14469-1.

10º.- Certificado de estanquidade e impermeabilidade de fosa de purín. Visado 14508.

11º.- En data 25/01/2022 polo técnico municipal Lino M. Doporto Framil emítense informe favorable á legalización das obras realizadas sen axustarse á licenza concedida.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO:

##### PRIMEIRO.- OBXECTO DA LICENZA URBANÍSTICA

As obras suxeitas a licenza urbanística son as establecidas no 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro.

O apartado a) do punto segundo do artigo 142, establece que estarán suxeitos a licenza os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, con arranxo á normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.

O artigo 2 da LOE regula o seu ámbito de aplicación, entendendo que dentro de mesmo atópanse “c) Todas as demais edificacións cuxos usos non estean expresamente relacionados nos grupos anteriores”.

O artigo 2.2, a) da LOE establece, que terán a consideración de edificación para os efectos do disposto nesta Lei, e requirirán un proxecto segundo o establecido no artigo 4, as seguintes obras:

“a) Obras de edificación de nova construción, excepto aquelas construcións de escasa entidade construtiva e sinxeleza técnica que non teñan, de forma eventual ou permanente, carácter residencial nin público e se desenvolvan nunha sola planta”.

En data 17/09/2019, concédese licenza para ampliación de explotación porcina para cebo no lugar de Bazar, parroquia de Abades (Silleda), segundo o proxecto básico e de execución asinado polo enxeñeiro técnico agrícola Felipe Calvo Rodríguez..

Segundo o disposto no artigo 355 do Regulamento da Lei do Solo de Galicia:

“3. As solicitudes de licenza de primeira ocupación ou utilización que se refiran a edificacións amparadas en licenza de obras que requirisen proxecto técnico, deberán acompañarse dun certificado acreditativo da efectiva e completa finalización das obras, previa á visita de comprobación dos servizos técnicos municipais, subscrito por técnico competente e visado polo colexio profesional cando así o esixa a normativa vixente, así como unha declaración do técnico sobre a conformidade das obras executadas co proxecto autorizado pola licenza de obras correspondente.

Achegarase igualmente á solicitude documentación xustificativa da posta en funcionamento das instalacións executadas no inmovible de conformidade coa súa normativa reguladora e, no seu caso, certificación emitida polas empresas subministradoras dos servizos públicos, da adecuada execución das acometidas das redes de subministración”.

Consta no expediente a solicitude da licenza de primeira ocupación, aínda que se entende como a solicitude da licenza de primeira utilización xunto coa documentación requirida no Regulamento da Lei do Solo.

Realizada visita de comprobación unha vez rematadas as obras emítese informe por Carolina Cajide Barbeito, en data 08/11/2021 no que pon de manifesto a “existencia de variacións na obra executada respecto ao proxecto aprobado”, e se lle require a súa legalización. Así como a presentación de documentación:

- a. Presentación dos Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso, debidamente visado.
- b. Presentación dun anexo visado que acompañe ao certificado final de obra que recolla todas as modificacións realizadas. Este anexo incluírá unha memoria que explique os cambios realizados e xustifique o cumprimento da normativa de aplicación, planos a escala adecuada acotados, presuposto que inclúa as variacións realizadas e todos aqueles documentos que se

consideren necesarios para poder obter a licenza de primeira utilización.

c. Presentarase certificado de estanquidade da fosa realizada e colocaranse tamén todos os elementos de protección de incendios recollidos no proxecto que obtivo licenza.

A maiores indica que se deberá obter:

a. Autorización do Servizo de Infraestruturas Agrarias da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural, ao abeiro do sinalado no artigo 36.2 da Lei do Solo por encontrarse en solo rústico de Protección Agropecuaria.

b. Autorización da Axencia Estatal de Seguridade Aérea, por encontrarse na zona de Servidume de Aproximación do Aeroporto de Santiago de Compostela.

c. Informe do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (expediente PO/2019/049) no que estableza si é necesaria unha nova declaración de incidencia ambiental ou non. No caso de ser necesaria a mesma é necesario acadala previa a concesión da licenza de primeira utilización.

d. Autorización de Augas de Galicia para o abastecemento de auga.

Tras a elaboración deste informe a interesada realizar os trámites pertinentes ante o Concello e ante o resto das Administración Públicas con competencias na materia, e solicita a licenza de primeira ocupación, neste caso utilización, aportando a documentación solicitada.

Revisada a mesma polo técnico Lino M. Doporto Framil, este emite informe en data 25/01/2022 no seguinte sentido:

“Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se INFORMA FAVORABLEMENTE a solicitude de concesión da licenza de Legalización de ampliación de explotación porcina para cebo solicitada dende o punto de vista técnico, e proponse para a concesión de licencia municipal de obra, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial”.

Polo tanto, tendo en conta o informe da técnica que realizou a primeira visita de inspección, no que alertou da existencia modificacións do proxecto inicial que non contaban con autorización do Concello, tales como “ Localización das edificacións construídas dentro da parcela con referencia catastral, altura das edificacións, configuración de fachadas ..”.

Visto que polo Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental se informa que as modificacións realizadas non son substanciais, e que consistiron en:

- Desprazar ao leste da parcela en dous metros a posición da fosa, respectando as súas medidas orixinais e cumprindo igualmente os retranqueos.
- Para separar a fosa e a nave que quedaban pegadas tamén desprazaron a nave sete metros en sentido oeste, diferenciando claramente os dous volumes. Non se modificou nin a volumetría

da nave, nin a superficie nin a ocupación da construción na parcela. E tivéronse en conta as limitacións do retranqueo.

- Cambio na configuración da parcela e na fachada, que houbo cambios nos ocós practicados.
- Realizáronse cambios na urbanización exterior segundo criterios de Sanidade Ambiental.

Polo tanto, o parámetro urbanístico que modificaron foi a posición das construcións, cumpríndose igualmente os retranqueos.

#### SEGUNDO.- RÉXIME XURÍDICO DA ACTIVIDADE.

A actividade obxecto da presenta licenza someteuse a avaliación de incidencia ambiental con carácter previo a tramitación da licenza urbanística.

Unha vez executadas as obras e obtida a licenza de primeira utilización, deberase presentar no Concello segundo o establecido no artigo 364 do RLSG comunicación previa de inicio de actividade:

“Despois de finalizar a obra e obtida a licenza de primeira utilización da edificación, nos casos que sexa esixible, presentarase comunicación previa ou declaración responsable para o inicio da actividade ou a apertura do establecemento sen máis requisitos, salvo disposición en contrario, que os datos de identificación da persoa titular e a referencia da comunicación previa ou a licenza urbanística que amparou a obra realizada e o certificado final de obra asinado por técnico competente”.

Do mesmo xeito se pronuncia o artigo 24 e o artigo 33 Avaliación de incidencia ambiental da Lei 9/2013, de emprendemento e competitividade de Galicia,

As actividades ás que non lles resulte de aplicación a normativa sobre avaliación de impacto ambiental e que estean incluídas no anexo desta lei someteranse a avaliación de incidencia ambiental previamente á comunicación a que fai referencia o capítulo anterior.

Para estes efectos, obtida a declaración de incidencia ambiental ou a súa modificación substancial, presentarase a comunicación previa contemplada no artigo 24 da presente lei ante o concello respectivo, na que, ademais do previsto no citado artigo, achegarán a seguinte documentación:

- a) Copia do proxecto da obra ou actividade asinada por técnico/a responsable.
- b) Declaración de incidencia ambiental.
- c) Certificación do/a técnico/a ou os/ as técnicos/as facultativos/ as que autoricen o proxecto de que este cumpre coa normativa técnica de aplicación.

Carecerá de validez e eficacia para todos os efectos a comunicación previa relativa a un proxecto que non se axuste ao determinado na declaración de incidencia ambiental.

Polo exposto, e visto o informe da Secretaria da Corporación número 15 de data 02/02/2022 a

Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

PRIMEIRO.- Conceder a María Lilia Tarrío Noya con DNI número 76825654L, LICENZA para a legalización das obras executadas ao marxe da licenza concedida para a ampliación de explotación porcina en data 17/09/2019, consistentes fundamentalmente no cambio de posición da fosa e da nave de conformidade co disposto no Certificado Final de Obra, e Memoria que o acompaña asinada por David Cerdeira Canicoba e visados co número 14469, polo Colexio Oficial de Agrónomos de Galicia.

SEGUNDO.- Conceder a María Lilia Tarrío Noya, con DNI número 76825654L, LICENZA DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN, para a ampliación da explotación porcina sometida a avaliación de incidencia ambiental (expediente PO/2019/049), situada lugar de Bazar, parroquia de Abades (Silleda), con Referencia Catastral 36052F501000760000PR, unha vez comprobado que as obras se axustan ao proxecto obxecto da licenza urbanística concedida en data 17/11/2019 por acordo da Xunta de Goberno Local, en base ao proxecto elaborado polo enxeñeiro técnico agrícola Felipe Calvo Rodríguez, e tras a legalización no resolvo primeiro deste acordo das modificacións levadas a cabo en execución de obra e que consistiron no cambio de posición da fosa de xurro e da propia nova obxecto de nova construción.

TERCEIRO.- Requerir ao interesado para que con carácter previo ao inicio da actividade presente no Concello a preceptiva comunicación previa, de conformidade co establecido no artigo 364 do RLSG e 24 da Lei 9/2013, de emprendemento e competitividade de Galicia.

CUARTO.- Aprobar a liquidación da taxa por outorgamento da licenza de primeira ocupación de edificios por importe de 246,00 euros en virtude do establecido no seu artigo 5.

QUINTO.- Notificar o presente acordo ao interesado.

**Expediente 38/2022. Solicitud de Certificado ou Informe Urbanístico - Declaración de innecesiedade de Licenza de segregación. Trujillo Villardefrancos.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Por Gonzalo Trujillo Villardefrancos presentouse escrito o 09/12/2021, con rexistro de entrada 1389/2021, polo que se solicita que se declare a innecesiedade da licenza municipal de segregación ou división de terreos. Acompáñase "memoria de división de finca por diferente clasificación urbanística" visada polo Colexio Oficial de Deseñadores de Interior/decoradores de Galicia, en data 09/12/2021.

En data 20/01/2022 o arquitecto municipal, Lino Manuel Doporto Framil emite informe no que solicita o pronunciamento xurídico sobre a competencia profesional do técnico redactor para a elaboración do informe. A súa vez indica que a memoria presentada non cumpre co establecido no artigo 355 RLSG.

En data 25/01/2022, co número 13/2022 á Secretaría Municipal emite informe xurídico no que

conclúe o seguinte:

*“Do exposto, por esta Secretaría infórmase que entre as capacidades dun Deseñador de interiores en principio non se atoparía a de elaborar proxectos de parcelación. En todo caso, para evitar danos ao interesado sería bo requirirlle que presente escrito do seu Colexio no que se manifeste sobre a súa competencia para a elaboración de proxectos de parcelación definidos no artigo 355 do RLSG, ou ben que o proxecto de parcelación que aporte cumprindo o requisitos establecidos no artigo citado sexa visado polo seu Colexio”.*

Realizado requirimento ao interesado en data 26/01/2022 (RS 136). En data 31/01/2022 (RE 73/2022), o interesado presenta documentación en cumprimento do requirimento:

- “Memoria de división de finca por diferente clasificación urbanística” visada polo Colexio Oficial de Deseñadores de Interior/decoradores de Galicia, en data 31/01/2022.
- “Memoria de división de finca por diferente clasificación urbanística” asinada por Luís Manuel Galego García, enxeñeiro técnico agrícola, (colexiado 448).
- Escritura proforma.

Consta no expediente informe de data 08/02/2022 do arquitecto municipal, Lino M. Doporto Framil e o informe da Secretaría da Corporación número 17/2022, de data 08/04/2021.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas polo Alcalde na resolución do 20 de xuño de 2019, ACORDA:

Primeiro.- Autorizar a Gonzalo Trujillo Villardefrancos con DNI número xxxxxxxxx a segregación descrita nas seguintes memorias: “Memoria de división de finca por diferente clasificación urbanística” visada polo Colexio Oficial de Deseñadores de Interior/decoradores de Galicia, en data 31/01/2022 e “Memoria de división de finca por diferente clasificación urbanística” asinada por Luís Manuel Galego García, enxeñeiro técnico agrícola, (colexiado 448), coa finalidade de separala parte urbana da rústica.

PARCELA ORIXINARIA:

Segundo o proxecto presentado a parcela sobre a que se pretende realizar a presente operación é a inscrita no Rexistro da Propiedade de Lalín, co número 33.166 de Silleda, descrita na escritura presentada como parcela B, Casa de Campo ou de correos con terreo a horta en C/ General Franco, 65, e con unha superficie de 10.848,25 metros cadrados.

PARCELAS RESULTANTES:

- **Parcela 1**, conta cunha superficie de **1.429m<sup>2</sup>** Referencia catastral: 2080032NH6228S.
  - Conta con varias construcións.
  - Lindes:
    - Norte: Parcela 2.
    - Sur: Rúa Trasdeza.
    - Este: Rúa Pintor Colmeiro.
    - Oeste: Parcela nº 87 de la Rúa Trasdeza.

- **Parcela 2**, con una superficie de **8.404m<sup>2</sup>** Referencia catastral:36052K50515483, 36052K50505483, 36052K505090050000ER.

Lindes:

Norte: Nº 38 de la Rúa Venezuela y nº20 de la Rúa Emilio Alonso Paz..

Sur: Parcela nº12 de la Rúa Venezuela, Parcela nº87 de la Rúa Trasdeza y Parcela 1.

Este: Rúa Pintor Colmeiro.


Oeste: Nº 12, 14, 16, 20 y 36 de la Rúa Venezuela y nº 20 de la Rúa Emilio Alonso Paz.

Segundo.- Incorporar ao texto do presente acordo anexa unha copia certificada do plano parcelario correspondente e das fichas descritivas dos lotes resultantes.

#### FICHAS DESCRIPTIVAS:

	LOTE N.º 1 (PARCELA 1)	LOTE N.º 2 (PARCELA 2)
Superficie	1.429 m2	8.404 m2
Calificación Urbanística	“SUELO URBANO” Clasificación E.C. (Edificación Cerrada)	Suelo Urbano No Programado SUNP “SUELO RÚSTICO” Parcialmente urbana clasificación E.C. (Edificación Cerrada)
Posibilidad de división	Divisible cumpliendo las condiciones establecidas en el Plan General de Ordenación	<u>Indivisible</u> la parte de terreno rústico  <u>Divisible</u> la parte de terreno urbano siempre que se cumplan las condiciones de parcelación, lo que actualmente supondría una división con agrupación en el mismo acto a alguna parcela contigua situada en suelo Urbano

#### PLANO PARCELARIO





**B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

Non hai asuntos

**C) ROGOS E PREGUNTAS**

Non hai asuntos

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE**